

## Covas de Fornells.

No norte da illa de Menorca, atópase Fornells, unha poboación na que a tramontana é unha das presencias máis constantes e firmes. Nas súas augas, namentres abunda a luz, as rochas tapízanse de algas fotosintéticas, un chanzo da pirámide trófica necesario para o desenvolvemento de biocenoses complexas.

Pero non sempre son as paisaxes máis coloridas as que atraen as olladas curiosas. A area agocha, tras a súa aparencia desértica, vidas insospeitadas, discretas e prodixiosas, a cotío minúsculas e case sempre complexas.

Como a area, tamén cheas de segredos están as covas, universos escuros nos que a luz sempre atopa algunha fenda pola que rachar as tebras.

Fulgores só perceptible se os arrodea un manto de escuridade. As tebras, invisibles e afiadas, esculpen a luz.

Cando todo semella negro, perfílanse siluetas recortadas no azul, contarluces evanescentes e fugaces como as faíscas dunha fogueira alimentada con auga e sal.

As burbullas seguen corredores de luz, camiños de entrada e saída enmarcados pola abertura da rocha que auga e o tempo foron escavando ata a derrubar.

E eses mesmos corredores alumean rochas cubertas de manchas de cores, organismos que aproveitan, e ao mesmo tempo, describen, o lugar onde viven.

As covas de Fornells son o resultado do derrubamento. A auga foi disolvendo os materiais calizos ata furar a rocha. Paciencia e constancia, ata que o teito, sen alicerces nin cimentos, caeu e confromou bóvedas, paredes e ocos nos que a luz e a sombra se necesitan.

Algúns intrusos, de cando en vez, xogan a interromper a claridade e enturbar a penumbra, a buscar a luz e se protexer da sombra, a se situar baixo un foco deslumbrante e sobrecolledor, que emana do mundo exterior e o anuncia.

Pero non todos os organismos son intrusos; e non toda a escuridade é permanente. Mesmo neste ambiente de sombras, son perceptibles as estacións e os días.

Nas covas, cando a través da súa abertura a luz entra con continuidade e con certa intensidade, as algas colonizan os substratos e, á súa vez, serven de apoio a outros organismos. Que poidan vivir uns ou outros depende da luz que chegue, pero tamén da renovación da auga e da sedimentación das partículas: a vida é sempre un crebacabezas de azares e necesidades.

As sombras chinesas deixan paso a actores de verdade, que ocupan o espacio e percorren o horizonte da luz ata onde a sombra pon un abismo.

A cova pasou da sinxeleza do xogo de claridade e penumbra ao barroco retablo de animais do coralíxeno. O brillo apodérase dos contraluces sutís.

A luz é cor, e tamén movemento. A auga xa non é só auga cando a vida corre o pano da escuridade. E o erial da sombra convírtese nun xardín vibrante e intrincado.

Case un labirinto de estratexias e ciclos vitais, de seres que compiten polo espacio, sen misericordia, pero sen astucias trampulleiras nen xogadas de tafur. A luz manda, e a sombra é o seu espello.